

## TRANSMUTAR CAMIÑOS

O proxecto de experimentación artística *Transmutar Camiños* desenvolveuse nos espazos rurais dos concellos de Ames, Brión, Teo e Vedra coa finalidade de achegar a creación artística e as artes visuais contemporáneas a veciñanza de diferentes idades e perfís desde unha perspectiva participativa e comunitaria.

Se ben en cada un dos municipios, a proposta artística adquiriu un formato diferente en función da artista encargada de coordinar a proposta e dos obxectivos da mesma, en todas elas a creación colectiva combinou actividades presenciais e virtuais. Estas últimas, como consecuencia da pandemia do coronavirus e das restricións establecidas para o seu control, adquiriron unha relevancia inicialmente non prevista.

A continuación, sinálanse as diferentes propostas desenvoltas en cada concello:

- **Concello de Ames.** Baixo a dirección artística da artista brasileira **Angélica Dass** e a coordinación do equipo de 7H Cooperativa Cultural realizouse unha convocatoria pública, na que colaborou o departamento de servizos sociais do municipio amesán, para conformar un grupo de participantes con persoas migrantes residentes en Ames e na comarca. O obxectivo da proposta, desenvolta fundamentalmente mediante sesións virtuais, foi transformar as vivencias cotiás e particulares das involucradas nun relato colectivo. Este adquiriu a forma dunha exposición-publicación en formato xornal e cun enfoque visual e creativo.
- **Concello de Brión.** Baixo a dirección artística de **Susana Blasco** e a coordinación de 7H, configurouse un grupo de participantes coas que se traballou arredor da memoria e a identidade co obxectivo de transformar relatos persoais e colectivos nunha peza artística baseada na técnica da colaxe. Así, na primeira sesión Susana Blasco compartiu coas participantes o seu proceso creativo habitual, para familiarizalas co seu traballo e poñer en contexto o formato que adquiriría a intervención, e sinalou as pautas para compilar o material de traballo: retratos de habitantes de Brión realizadas antes de 1970. Na segunda reunión virtual as participantes e a creadora conversaron arredor das fotografías compiladas entre diferentes álbums familiares, convertidas na materia prima da intervención. Finalmente, a creadora aragonesa transformou estas imaxes nunha colaxe, recreando a partir das distintas fotografías e relatos a historia de vida dunha muller inventada para representalas a todas. Ademais de agasallar cunha peza a cada unha das participantes, tamén se realizaron instalacións efémeras polo concello, sendo a máis importante a realizada xa no 2021 no antigo cine de Brión.
- **Concello de Teo.** Baixo a dirección da equipa de 7H, realizouse unha convocatoria pública no municipio teense para conformar un grupo heteroxéneo de participantes. Tras traballar a distancia mediante dúas reunións virtuais de coordinación do traballo e de varias xornadas de recompilación de material de refugallo, as persoas involucradas realizaron unha instalación artística efémera que, desde o ecofeminismo, denunciou o impacto ecolóxico do consumismo desmedido de festas como as do Nadal.
- **Concello de Vedra.** Baixo a dirección artística de **Ruth Montiel Arias** e a coordinación da equipa de 7H, desenvolveuse un proceso creativo arredor das afectacións provocadas pola intervención humana á biodiversidade e á paisaxe do Ulla no que participaron integrantes da Asociación Cultural Raiceiros, Asociación Senunpeso e Asociación Medioambiental Amabul. Tras unha primeira reunión virtual, desenvolvéronse presencialmente diversas accións efémeras e recolléronse testemuñas e materiais do contexto, ademais de realizarse fotos e gravacións en espazos ao aire libre. Finalmente, todo este material foi transformado polas participantes nunha exposición colectiva e nunha pequena peza audiovisual.

## DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

Como sinalamos previamente, o proxecto combinou actividades presenciais con diversas sesións virtuais, estando estas últimas estreitamente ligadas a necesidade de reducir ao máximo os contactos persoais e cumprir a normativa socio-sanitaria vixente para a celebración de actividades culturais.

- **Concello de Ames.** As sesións virtuais de traballo con Angélica Dass, celebradas a través de Zoom cunha duración de entre unha hora e hora e media, aproximadamente, tiveron lugar os días 27 e 28 de novembro e 4, 11, 12, 18 e 19 de decembro. De forma intercalada entre estas reunións, o equipo de 7H realizou visitas puntuais a domicilios e diferentes localizacións do concello vinculadas ás historias de vida das participantes para realizar as fotografías que forman parte da publicación. Unha vez rematada a proposta de deseño encargouse unha primeira edición do proxecto que foi presentada aos participantes a finais do mes decembro. Finalmente, o Auditorio da Casa da Cultura do Milladoiro acolleu a presentación da segunda edición da publicación, financiada polo Concello de Ames, nun acto celebrado o día 27 de marzo, tras ter que ser posposta en diversas ocasións debido ao peche das instalacións culturais como consecuencia do establecemento de medidas de control da pandemia.
- **Concello de Brión.** A artista encargada de dirixir a acción artística, as participantes e as integrantes de 7H reunímonos a través da plataforma Zoom, coa creadora a un lado da pantalla e as demais nas instalacións da aula CEMIT de Brión, os días 23 e 30 de novembro e 15 de decembro. Debido ao interese suscitado decidiuse ampliar a actividade alén do planificado inicialmente para converter a peza artística nunha instalación efémera no espazo público do municipio. Deste xeito, o antigo cine de Brión se convertiu no mes de marzo, en soporte da creación colectiva.
- **Concello de Teo.** A primeira parte do proxecto desenvolveuse de forma virtual a través de dúas reunións de coordinación e traballo a distancia que tiveron lugar os días 2 e 12 de decembro. Posteriormente, o día 19 de decembro realizamos unha sesión presencial de creación conxunta na Casa Común da parroquia teense de Rarís na que se preparou o material e se deseñou o plan de instalación da peza artística, cuxa instalación final se produciu o domingo 27 de decembro na Praza Circular dos Tilos.
- **Concello de Vedra.** A primeira sesión, realizada de forma virtual co obxectivo de presentar a actividade e de que a artista encargada de dirixir a acción expuxera as liñas de traballo ás participantes, tivo lugar o 14 de decembro. Posteriormente, realizáronse tres xornadas de actividade presencial os días 26, 28 e 29 de decembro, tanto con sesións de traballo en espazos interiores, desenvoltas na Casa Rectoral de Ponte Ulla grazas á cesión do Concello de Vedra, como con actividades ao aire libre, fundamentalmente xunto á ribeira do río Ulla. Tras o traballo de creación, selección e edición de material, as participantes deseñaron unha exposición no propio espazo da Casa Rectoral, coa finalidade de mostrar todos os materiais ás veciñas de Vedra. A exposición, que estivo aberta con cita previa ata o día 2 de xaneiro de 2021, contou cunha pequena clausura-inauguración ese mesmo día.

## CUANTIFICACIÓN E PERFIL DAS PERSOAS PARTICIPANTES

Tal e como estaba previsto, as persoas que, tanto a título individual coma en calidade de integrantes de colectivos e asociacións, participaron no proxecto, foron axentes fundamentais no desenvolvemento das catro accións artísticas realizadas.

Sen ter en conta ás seis persoas involucradas no proxecto como integrantes da equipa de 7H, promotor da proposta, e das tres artistas convidadas, os número de persoas implicadas en cada un dos municipios foi o seguinte:

- **Concello de Ames.** Participaron activamente un total de once persoas, das que sete son mulleres e catro homes. Ademais, durante o traballo fotográfico desenvolto para recompilar material para a publicación, sumáronse outras seis persoas, todas elas familiares das participantes, como parte do

traballo de retrato fotográfico. A principal característica deste grupo é o seu carácter multicultural, con participantes nadas en Brasil, Colombia, Cuba e Venezuela, así como a diversidade en canto a idades, actividades laborais e lugares de residencia no municipio.

- **Concello de Brión.** Tendo en conta as diferentes sesións desenvoltas, participaron un total de nove persoas, sendo todas mulleres agás un home. Ademais do protagonismo feminino, este grupo comparte un rango de idade semellante, situado entre os 70 e 80 anos, e experiencias de migración e retorno.
- **Concello de Teo.** Sumando as distintas sesións realizadas, participaron un total de nove persoas, das que sete son mulleres e dous son homes. Con idades e ocupacións diferentes, cabe sinalar que dúas delas forman parte da Asociación Cultural Arc Os Tilos.
- **Concello de Vedra.** Participaron activamente un total de 16 persoas, cun perfil marcadamente activista e comprometido co tecido asociativo municipal. Así, catro das participantes son integrantes da Asociación Medioambiental Amabul, dúas sono da Asociación Cultural Raiceiros e unha delas é membro da Asociación Cultural Senunpeso. En total, tres son homes e catro mulleres. Ademais, nunha das xornadas, participaron dez cativas da Escola Ambiental de Nadal, involucradas nas actividades grazas á colaboración de Amabul.

Por tanto, facendo un cómputo total, “Transmutar Camiños” involucrou a un total de 44 persoas, nas que, entroutras, estiveron representadas a comunidade migrante, as mulleres maiores do rural, a poboación cativa e colectivos e asociacións da comarca compostelá. Se ben a cifra de participantes é inferior á prevista no momento de presentación da solicitude, cabe sinalar que, por aquel entón, non existían restricións de aforo no desenvolvemento de actividades culturais como as que tivo que afrontar o proxecto no momento da súa execución. Ademais, un dos concellos cos que inicialmente se tiña previsto colaborar, Boqueixón, non foi finalmente parte da proposta, polo que tampouco se poden computar as potenciais participantes atribuídas a ese municipio no momento da planificación.

## RESULTADOS OBTIDOS

Dado que en cada municipio, a acción artística canalizouse a través de diferentes formatos e técnicas, “Transmutar Camiños” deu resultados con formas heteroxéneas mais un mesmo fío condutor: o da arte en comunidade e desde a participación. Se atendemos aos procesos desenvoltos en cada un dos municipios e entendemos como resultado a materialización do traballo creativo colectivo:

- **Concello de Ames.** Como resultado das sesións de conversa e traballo colectivo, creamos unha publicación en formato A4 de 60 páxinas a cor con textos e fotografías procedentes tanto de arquivos persoais e álbums familiares das participantes como do traballo de documentación realizado en colaboración con elas polo equipo de 7H. Titulada “A Historia Viva de Ames ou Museo das ñmigrantes”, procura loar ás habitantes desta terra acolledora de raíces transfronteirizas a través da narrativa colectiva que constrúen os sabores e olores, obxectos e accións, paisaxes e persoas que trazan as súas identidades. O xornal contou cunha primeira edición de 30 exemplares, distribuídos entre as propias participantes, e, grazas ao éxito do mesmo, unha segunda tiraxe de 2.000 exemplares, realizada en colaboración co Concello de Ames, que foi presentada publicamente en presenza das persoas involucradas. Pódese acceder ao PDF da publicación a través desta ligazón: [http://7hcoop.gal/wp-content/uploads/2021/02/transmutar\\_ames\\_final.pdf](http://7hcoop.gal/wp-content/uploads/2021/02/transmutar_ames_final.pdf)
- **Concello de Brión.** A partir das diferentes fotografías que as participantes compartiron e comentaron, contextualizando a historia tras cada una de elas, a artista Susana Blasco creou unha colaxe baseada en anacos das diferentes imaxes. A innovadora montaxe resultante deu lugar a unha personaxe feminina ficticia e metonímica, nomeada coma Carmiña Castro, na que se condensan tanto as vivencias das diferentes mulleres retratadas nas fotografías empregadas como as das súas contemporáneas. Plasmada en dúas colaxes diferentes, estas foron instaladas no edificio do antigo cine de Brión polas participantes no proxecto e a equipa de 7H a través dunha

intervención artística efémera. Nesta ligazon pódese acceder a unha escolma de imaxes de dita xornada: <https://www.facebook.com/7Hcoop/posts/2864656637088434>

- **Concello de Teo.** Trala recollida de centenas de caixas de cartón, contedor simbólico das novas formas de compra e distribución mediadas pola Rede, e a posta en común de ideas e intencións, visibilizamos, con humor e reciclaxe creativa, a cara "oculta" de determinadas datas festivas. A partir da construción dunha árbore de Nadal co material recollido, recreamos a escena do crime ecolóxico xerado polo monstruoso e insostíbel consumo, baseado en prácticas extractivas e explotadoras. Nesta ligazón pódese acceder a unha pequena galería de imaxes que dan conta do proceso: <https://www.facebook.com/7Hcoop/posts/2827561447464620>
- **Concello de Vedra.** O proceso deu coma resultado a exposición “Unha plantación de eucaliptos non é un bosque, é un deserto”, na que se combinou a exhibición de material recollido durante xornadas de traballo de campo con material producido colectivamente a partir desas saídas. Entre el, cabe destacar a peza de videocreación elaborada a partir das gravacións realizadas polas participantes. Pódese acceder a este vídeo a través da seguinte ligazón de Youtube: <https://youtu.be/wsJY3avuYiY> Neste outro enlace é posible observar algunhas das imaxes que documentan a actividade: <https://www.facebook.com/7Hcoop/posts/2823316287889136>